

CIRCULAR 1

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR

Narón, a 25 de outubro de 2022

A toda a comunidade educativa: pais, nais, persoal non docente e profesorado:

No DOG do 30 de setembro de 2022 RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. No seu artigo 2º esta resolución di:

1 As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar realizaranse entre os días 23 e 29 de novembro de 2022, ambos os dous incluídos. A xunta electoral, co fin de que todos os sectores implicados poidan participar, establecerá un calendario para as votacións correspondentes.

2. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 2 e 8 de novembro de 2022, ambos os dous incluídos..

3.- De conformidade co establecido no artigo 31 b) de Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da Xunta Electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que **o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais.**

O artigo 30 do Decreto 92/1988 redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 do 26 de xullo establece que " **a organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral**, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, **e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e**, de se-lo caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; **designados os catro últimos por sorteo público** no que se preverá a designación de membros suplentes".

O mesmo Decreto no artigo 31 sinala as competencias da citada Xunta Electoral:

- a) Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome e apelidos dos electores.
- b) Concreta-lo calendario electoral.
- c) Ordena-lo proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidatos.
- e) Promove-la constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- g) Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo tanto, comunico a todos vostedes que, iniciando as actuacións do proceso electoral, o vindeiro mércores, **2 de NOVIEMBRE, ás 12:00 horas**, terá lugar na biblioteca do centro **o sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral**, tanto titulares como suplentes.

A DIRECTORA

Asdo.: Ana Ayala Rodríguez